A poeta Marta Dacosta gaña o Johan Carballeira con "dun lago escuro"

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 17 Maio 2013 21:42



A poeta miñorana Marta Dacosta resultou gañadora do premio Johan Carballeira de poesía, do concello de Bueu, coa súa obra "dun lago escuro".

O xurado do certame destaca do poemario de Dacosta "o elaborado xogo simbólico do poemario, alicerzado nunha aarquitectura esférica onde o lacunar de ameaza escura recolle un discurso fondamente parabólicos". Sinalan tamén as "evidentes tinturas de crítica socialque van de mans dadas coas luzadas de afirmación xenérica e as reflexións a propósito de trabes temáticas como a incerteza, a caída, a soidade, o silencio, a anonimia ou a rutina esgazadora."